



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Historia interna da lingua galega

Materia	Historia interna da lingua galega			
Código	V01G400V01906			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descriidores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Profesorado	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xandre@uvigo.es			
Web				
Descripción xeral	Percorrido sistemático polos principais cambios lingüísticos (fonético-fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos) que levaron do latín ó galego moderno.			

## Competencias

### Código

A1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudio.
A2	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudio que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudio.
A5	Que os estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudiantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudiantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudiando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
C2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
C5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
C12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
D1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
D2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
D3	Coñecementos xerais sobre a área de estudio (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudios culturais)
D6	Capacidade de xestionar a información.
D8	Habilidade para traballar de forma autónoma.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Coñecemento dos principais cambios lingüísticos (fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos) que caracterizaron a lingua galega ao longo dos séculos.	A1	B1	C2	D1
	A2	B2	C5	D2
	A5	B2	C12	D3
		B7		D6
		B9		D8
		B11		
		B12		
		B13		
		B15		
		B16		
		B25		
		B26		

## Contidos

### Tema

1. Principais cambios fonético-fonolóxicos no paso do latín ó galego	1.1. Introdución 1.2. O sistema vocálico 1.3. O sistema consonántico
2. Principais cambios morfolóxicos do latín ó galego	2.1. Formas léxicas (eido nominal e verbal) 2.2. Formas gramaticais
3. Da sintaxe latina á galega	3.1. Orde de constituíntes funcionais 3.2. Esquemas e funcións oracionais
4. O léxico	4.1. Historia do léxico galego 4.2. A formación de palabras no galego medieval

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Resolución de problemas	18	10	28
Lección maxistral	20	10	30
Traballo tutelado	6	22	28
Exame de preguntas de desenvolvimento	2	60	62

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introductorias	Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realiza-se un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma da materia.
	O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralles chegar o cronograma da materia.
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaránse como complemento da lección maxistral. Nalgúnha ocasión pódense entregar anticipadamente para que o alumnado os poida preparar con certo adianto.
	O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Faitic das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolverá as corrixidas, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalas.
Lección maxistral	Nestas aulas o docente expondrá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase vivamente levar os contidos da materia ó día.
	O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Faitic dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaránse, para iso, ficheiros en formato pdf (por veces o profesor tamén os poderá enviar por correo electrónico).

Traballo tutelado	Cada discente elaborará individualmente un traballo escrito seguindo as indicacións que o profesor dará no inicio do curso.  Todo o alumnado (presencial e SEMIPRESENCIAL) entregará unha copia en papel e subirá a versión definitiva do traballo á plataforma Faitic.  O segundo día de aulas explicarase a metodoloxía deste traballo. Recoméndaselle ó ALUMNADO SEMIPRESENCIAL que asista a esta sesión, mais quen non puder asistir deberá poñerse en contacto o máis axiña posible co docente para fixar unha titoría.  Ó longo do curso as dúbidas ou consultas que haxa resloveranse sobre todo nas horas de titoría.
-------------------	---

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballo tutelado	Alén das indicacións do comezo do curso, ó longo das semanas atenderanse as consultas individuais que haxa sobre a elaboración do traballo. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas a través da plataforma Faitic, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgúnha titoría. Se a cantidade de alumnado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algúna titoría en grupo, tipo seminario.

## Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Ó longo do cuatrimestre o docente especificará as actividades prácticas que serán availables. É preciso que se respeten os prazos de entrega.  Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 25% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algúna práctica available a maiores ou realizar máis exhaustivamente algúna das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	20	A1 B1 C2 D1 A2 B7 C5 D2 A5 C12 D3 D6 D8
Lección magistral	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas aulas magistrais.  Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas e/ou exercicios".	5	A1 B1 C2 D3 B2 C5 D6 B7 C12
Traballo tutelado	O traballo, individual, é obligatorio tanto para o alumnado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL. A data límite de entrega coincidirá co último día de aulas. Centrarase no tema 4 do programa (léxico).  Un 5% desta cualificación correspóndele á exposición oral dos traballos na aula (que terá que facer tanto o alumnado presencial coma o SEMIPRESENCIAL). As exposicións durarán, aproximadamente, 10 minutos. Nelas non se poderá ler. Poderase empregar un pequeno guión ou acompañar a exposición de axudas audiovisuais, mais a presentación oral non pode constituir a simple lectura deste material.	15	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C5 D2 A5 B7 C12 D3 B9 D6 D8
Exame de preguntas de desenvolvimento	O alumnado que opte pola avaliação continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará unha proba escrita -sempre presencial- na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Se as circunstancias así o aconsellaren, poderanxe realizar exames parciais previos, liberadores de materia (na mesma data para todo o alumnado de avaliação continua).	60	A1 B1 C2 D1 A2 B2 C5 D2 A5 B7 C12 D3 B9 D6 D8

## Outros comentarios sobre a Avaliación

Todo o alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliação continua ou por outro de avaliação única.

**-Avaliación continua** (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o alumnado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar traballo, exame escrito e prácticas availables. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Os discentes que non perdan o dereito á avaliação continua poderán recuperar na segunda edición das actas (xullo), na data fixada pola FFT, aquellas probas que non superasen na primeira edición das actas (maio). Se por causa xustificada algún alumno/a non pode

cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que poderá propoñer outras actividades compensatorias.

-**Avaliación única** (para o alumnado que opte por ela ou para quen non cumpra os requisitos para a avaliação continua, ou renuncie a ela): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (maio e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [60%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais dun traballo (segundo as indicacións do docente) [40%]. Cómpre superar tanto o exame coma o traballo (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliação única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A evaluación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

---

#### Bibliografía. Fontes de información

---

##### Bibliografía Básica

Ferreiro, M., **Gramática histórica galega. I. Fonética e morfosintaxe. II. Lexicoloxía**, 4ª / 2ª, Laiovenzo, 1999 / 2001

García de Diego, V., **Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)**, Reed. facsimilar, Univ. de Santiago de Compostela, 1984 [1909]

González Seoane, E. (dir.) et alii, **Dicionario de dicionarios do galego medieval**, Univ. de Santiago de Compostela, 2006

Mariño Paz, R., **Historia da lingua galega**, 2ª, Sotelo Blanco, 1999

Mariño Paz, R., **Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega**, Xerais, 2017

Mariño Paz, Ramón, **Historical Phonetics and Phonology**, De Gruyter, (No prelo)

Mattos e Silva, R. V., **O português arcaico: fonología, morfología e sintaxe**, Contexto, 2006

Pinkster, H., **The Oxford Latin Syntax**, Oxford University Press, 2015

Varela Barreiro, Xavier e Ricardo Pichel, **Panorama actual da lingüística histórica galega**, 2017

##### Bibliografía Complementaria

Corominas, J. e J. A. Pascual, **Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico**, Gredos, 1980-1991

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**, Centro de Investigacións Ramón Piñeiro,

Rodríguez Guerra, Alexandre e Bieito Arias Freixedo (eds.), **The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño**

**Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galega medieval**,

John Benjamins Publishing Company, 2018

**Na aula forneceranse outras referencias bibliográficas más específicas,**

---

#### Recomendacións

---

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

---

Latín e literatura grecolatina/V01G400V01403

Fonética e fonoloxía da lingua galega/V01G400V01902

Morfoloxía da lingua galega/V01G400V01901

Sintaxe da lingua galega I/V01G400V01903

---